


SINERXIAS EDUCATIVAS

IV



“It Don’t Mean a Thing if It Ain’t Got That Swing”
O verdadeiro ritmo nasce cando todas as voces se unen para
crear algo que vai máis aló da suma das partes



I. INTRODUCCIÓN



SINERXIAS ARTÍSTICAS IV: “It Don’t Mean a Thing if It Ain’t Got That Swing” — Cando todas as voces se unen

A cuarta edición de Sinerxias Artísticas consolida un modelo de colaboración educativa que, ano tras ano, converte a creación interdisciplinar nunha ferramenta pedagóxica esencial para a formación artística en Galicia. Tras o éxito dos proxectos dedicados a *Le Villi*, *Os sete pecados capitais* de Kurt Weill e á zarzuela *Luisa Fernanda*, esta nova proposta marca un punto de inflexión: por primeira vez, o proxecto parte dunha idea orixinal deseñada desde cero, concibida, estruturada e desenvolvida de maneira íntegra polo equipo artístico e docente do Conservatorio Superior de Música da Coruña, en colaboración cos distintos centros participantes.

Nesta ocasión, o proxecto presenta unha novidade fundamental: por primeira vez, o espectáculo será concibido e desenvolvido integramente desde cero, sen partir dunha obra preexistente, abrindo así un espazo de creación orixinal que reflicte o compromiso do Conservatorio Superior de Música da Coruña coa innovación pedagóxica e coa formación integral do seu alumnado.



O proxecto, cuxo eixo artístico será a Big Band do CSM da Coruña, constitúe unha homenaxe viva á historia das grandes formacións de jazz e ás voces que definiron un século de música e emoción. Desde as raíces do swing de Fletcher Henderson e Duke Ellington ata a modernidade estética de Thad Jones, Sammy Nestico ou Harry Connick Jr., esta proposta abrangue un percorrido histórico que se enriquece coa diversidade de estilos presentes no repertorio: o swing clásico (Sing, Sing, Sing, It Don't Mean a Thing), a fusión jazz-clásico de Gershwin (Porgy & Bess Suite), o jazz moderno e sofisticado (Groove Merchant), a evolución vocal cara ao pop e ao R&B (Killing Me Softly, Mercy, Mercy, Mercy), así como a apertura a linguaxes híbridas como o Cubop latino (Tributo a Tito Puente) ou a reinterpretación identitaria de Atlantic Bridge, que une o jazz coa tradición galega.

Este percorrido músico-escénico aspira non só a recrear un legado sonoro, senón a reinterpretalo desde a perspectiva contemporánea dun centro superior, promovendo unha aprendizaxe activa e reflexiva. Nesta liña, o proxecto intégrase plenamente na filosofía de Sinerxias, ao conectar tradición e modernidade, técnica e expresión, coñecemento e creación colaborativa.

Esta edición destaca pola súa dimensión multidisciplinar, froito da colaboración entre diversas institucións educativas galegas. A Escola Pablo Picasso responsabilizárase do deseño visual e as proxeccións; o CIFP Paseo das Pontes, do vestiario; o CIFP Someso, da maquillaxe e perruquería; o CIFP Imaxe e Son, da gravación e documentación audiovisual do proceso e do concerto; e a ESAD de Galicia, do guión e da posta en escena textual e actoral. A diversidade rítmica e estilística das obras—especialmente as de carácter bailable (Porgy & Bess Suite, Sing Sing Sing, Tributo a Tito Puente, Atlantic Bridge e It Don't Mean a Thing en versión Latin-Jazz)—favorece a creación de intervencións coreográficas e dramaturxicas, convertendo o proxecto nun espazo de aprendizaxe transversal e interdisciplinar.

En conxunto, esta proposta formativa presenta un enfoque integrador e profesional, no que a creación musical se complementa coas dimensións visual, escénica e técnica, dando lugar a un produto artístico que supera a suma das partes e reforza o potencial das artes como vehículo de colaboración e crecemento colectivo.

Sinerxias Artísticas IV reafirma así o seu propósito educativo: ofrecer ao alumnado unha experiencia formativa integral, real e participativa, que os prepare para os retos do ámbito profesional artístico. O seu proceso, que culminará coa estrea do espectáculo en xuño de 2026, é unha oportunidade única para experimentar a creación como unha forma de diálogo e cooperación.

Porque, tal e como inspira o espírito do jazz, “it don’t mean a thing if it ain’t got that swing”: o verdadeiro ritmo nace cando todas as voces se unen para crear algo que vai máis aló da suma das partes. Esa é a esencia de Sinerxias Artísticas: a convicción de que o talento medra cando se comparte, e que a educación artística alcanza a súa plenitude cando se converte nun proxecto común ao servizo da sociedade.





II. A PARTITURA COMPARTIDA:
COLABORACIÓN E CREACIÓN EN SINERXIAS ARTÍSTICAS IV



Información aos centros colaboradores de Sinexias Artísticas IV: “It Don’t Mean a Thing if It Ain’t Got That Swing”

O proxecto Sinexias Artísticas IV afonda na consolidación dun espazo común de aprendizaxe e creación compartida entre o Conservatorio Superior de Música da Coruña e diversos centros de ensinanza artística galega. Nesta edición, o jazz convértese no verdadeiro punto de encontro entre xeracións, disciplinas e linguaxes, a través do espectáculo “Un século de grandes voces e grandes bandas”, no que a Big Band do CSM da Coruña actuará como eixo artístico principal.

O concerto propón un percorrido histórico, musical e visual polos fitos máis significativos do século XX, incorporando estilos que van desde o swing clásico (Sing Sing Sing) ata a fusión jazz-clásico (Porgy & Bess Suite), o jazz moderno (Groove Merchant), o Latin-Jazz e Cubop (Tributo a Tito Puente), o New Orleans Swing (Come By Me) ou mesmo a reinterpretación identitaria coa maneira jazz (Atlantic Bridge). A diversidade tímbrica e rítmica do repertorio permitirá entender como o jazz pasou de ser música de baile e celebración a converterse nun símbolo de modernidade, liberdade e diálogo artístico.

O repertorio vocal—Alright, Okay, You Win, Come By Me, Don’t Get Around Much Anymore, Killing Me Softly, Mercy, Mercy, Mercy e It Don’t Mean a Thing (en versión de Latin-Jazz)—pon en valor a voz como narradora emocional dun tempo marcado polo amor, o humor, a esperanza e a conexión persoal. Pola súa parte, a Big Band emerxe como expresión colectiva e vehículo de cooperación artística, simbolizando de maneira perfecta os principios que definen o espírito de Sinexias: traballo en equipo, creatividade compartida e visión multidisciplinar.

Centros participantes e ámbitos de colaboración

- Escola Pablo Picasso da Coruña: deseño das proxeccións visuais e escenográficas inspiradas nos movementos artísticos asociados a cada estilo musical (art déco para os anos 20-30, estética Broadway para o swing, arte urbana ou pop art para as revisións contemporáneas, elementos caribeños e atlánticos para o Cubop e a maneira jazz).
- CIFP Paseo das Pontes: creación e elaboración do vestiario acorde ás décadas e estilos representados, desde a elegancia do swing ata a expresividade dos ritmos latinoamericanos.
- CIFP Someso: maquillaxe e perruquería adaptadas ao estilo e estética de cada período histórico-musical, atendendo tamén á evolución escénica dos estilos.
- CIFP Imaxe e Son da Coruña: gravación audiovisual do concerto e documentación do proceso creativo, enfatizando o carácter formativo e a interdisciplinariedade.
- ESAD de Galicia: elaboración e posta en escena do guión textual e actoral que servirá de fío condutor entre os distintos bloques musicais, incorporando referencias históricas, sociais e artísticas que contextualicen cada estilo.

Repertorio seleccionado

Temas instrumentais:

- Tribute To The Duke: Medley
- Porgy & Bess Suite: Medley da obra de Gershwin. (Bailable)
- Sing Sing Sing: Energy Rhythm Swing. (Bailable)
- Groove Merchant: Medium Shuffle
- Tributo a Tito Puente: Cubop (Cuban Latin Salsa). (Bailable)
- Atlantic Bridge: Muiñeira jazz. (Bailable)

Temas vocais:

- Alright, Okay, You Win: Blues (Medium Shuffle-Swing)
- Come By Me: New Orleans Swing-Shuffle
- Dont Get Around Much Anymore: Estándar vocal Medium Swing
- Killing Me Softly With His Song: Pop (Feel Funk-Swing)
- Mercy, Mercy, Mercy: Fusión de jazz vocal con R&B y Pop
- It Don't Mean a Thing: Versión vocal en Latin-Jazz (Bailable)

Bis:

- In The Mood

Shuffle: Ritmo ternario típico del Blues, usual de la música popular americana

R&B: (rhythm & blues)

Cubop: Estilo jazzístico fruto de la fusión entre el bebop y los ritmos afrocubanos

A través deste repertorio, o alumnado poderá explorar as distintas etapas musicais e artísticas do século XX, integrando referencias á historia, ás artes plásticas, á moda, ao cine e á literatura. Cada centro poderá así vincular o seu traballo creativo cun contexto cultural específico, favorecendo a comprensión global do proxecto e o diálogo entre disciplinas.

O resultado final será unha experiencia escénica compartida, na que música, palabra e imaxe se unen para celebrar a arte como linguaxe común entre institucións educativas galegas, reafirmando que o verdadeiro ritmo —como no jazz— nace cando todas as voces se unen para crear algo que vai máis aló da suma das partes.





III. ANÁLISE XERAL DOS TEMAS E OS SEUS COMPOSITORES

Tema	Compositor / Arranxista	Época / Estilo	Temática principal	Rasgos musicais / emocionais
Tribute To The Duke (Medley)	Sammy Nestico / Homenaxe a Duke Ellington	1970s (homenaxe)	Elegancia, legado histórico	Son refinado; tributo á esencia do swing e ao estilo clásico de Ellington
Porgy & Bess Suite (Medley – bailable)	George Gershwin / arr. Nestico	1935 (jazz sinfónico)	Amor, desigualdade, condición humana	Fusión jazz–clásico; dramatismo afroamericano con posibilidade coreográfica
Sing, Sing, Sing (Bailable)	Louis Prima / arr. Benny Goodman	1936 (Swing Era)	Celebración, enerxía colectiva	Peza icónica do swing; potente impacto rítmico ideal para danza
Groove Merchant	Thad Jones	1967 (Jazz moderno)	Groove, sofisticación	Medium shuffle elegante; sensación de impulso constante
Tributo a Tito Puente (Cubop – bailable)	Tito Puente	Latina jazz (anos 50–60)	Fusión cultural, ritmo caribeño	Mestura de jazz e salsa cubana; alta intensidade rítmica, perfecta para coreografía
Atlantic Bridge (Muñeira jazz – bailable)	—	Fusión contemporánea	Identidade, encontro cultural	Unión entre tradición galega e linguaxe jazzístico; símbolo de pertenza e mestizaxe artística

Tema	Compositor / Arreglista	Época / Estilo	Temática principal	Rasgos musicales / emocionales
Alright, Okay, You Win	Sid Wyche / arr. Nestico	1955 (Blues swing)	Humor, rendición amorosa	Blues con swing contaxoso; carácter lúdico e expresivo
Come By Me	Harry Connick Jr.	1990s (Swing contemporáneo)	Coquetería, alegría	Estilo New Orleans; dinamismo e frescura
Don't Get Around Much Anymore	Duke Ellington	1940s (Standard vocal swing)	Nostalgia, amor afastado	Elegancia melancólica; ideal para interpretación íntima
Killing Me Softly With His Song	Charles Fox / Norman Gimbel	1973 (Pop / feel funk-swing)	Vulnerabilidade emocional	Intimismo vocal; progresión cara a linguaxes modernas
Mercy, Mercy, Mercy	Joe Zawinul	1966 (Soul jazz / R&B)	Empatía, calor humana	Son envolvente; conexión directa coa audiencia
It Don't Mean a Thing (If It Ain't Got That Swing)	Duke Ellington (versión Latin-Jazz – bailable)	1931 (reimaginación moderna)	Espírito do Swing, esencia vital	Adaptación latina; reivindicación de que todo comeza no ritmo compartido

Nota para posible adaptación a danza ESAD: As pezas marcadas como (bailable) conteñen un pulso e estrutura que favorecen a creación coreográfica, permitindo deseños escénicos interdisciplinares (música – movemento). Especialmente recomendables: Sing Sing Sing, Porgy & Bess Suite, Tributo a Tito Puente, Atlantic Bridge e It Don't Mean a Thing (versión Latin-Jazz). Estas funcionan como puntos de encontro entre tradición e modernidade, así como entre corpo e son.

IV. PUNTOS EN COMÚN E EIXES TEMÁTICOS



- O swing como linguaxe vital — Dende Fletcher Henderson e Duke Ellington ata Harry Connick Jr., o pulso rítmico segue a ser o fío condutor. O swing é máis ca un estilo: é unha forma de respirar, de comunicarse, de facer vibrar a vida a través do compás. Sing Sing Sing, Come By Me ou It Don't Mean a Thing representan esa enerxía compartida que fai que a Big Band cobre sentido como organismo vivo.
- A voz como narradora emocional — As letras falan de amor, perda, esperanza, humor e conexión persoal. Cada canción é unha pequena historia inserida no gran relato do século XX. Dende a ironía de Alright, Okay, You Win ata a intimidación de Killing Me Softly ou a complicidade de Mercy, Mercy, Mercy, a voz converte o jazz nun diario colectivo das emocións humanas.
- O paso do tempo e a herdanza — A evolución estilística —dende o swing clásico ata o soul-jazz, o medium shuffle ou a fusión contemporánea— amosa como o jazz se transforma sen perder a súa esencia. Cada xeración recolle o ritmo anterior e dálle nova forma: Thad Jones (Groove Merchant), Nestico (Porgy & Bess Suite) ou Connick Jr. (Come By Me) continúan unha liña que é á vez homenaxe e reinvencción.



- O jazz como espello social — A historia destes temas percorre grandes fitos do século: a expansión urbana dos anos 20, o Crack do 29, a Segunda Guerra Mundial, o movemento polos dereitos civís ou a modernidade globalizada. A música responde a cada contexto: Porgy & Bess Suite fala da desigualdade, Mercy, Mercy, Mercy da empatía, e Sing Sing Sing ou o Tributo a Tito Puente da necesidade de celebrar a vida mesmo en tempos de cambio.
- O encontro entre modernidade e tradición — O proxecto permite percibir como o pasado se converte en materia viva: as raíces do swing e as harmonías clásicas renacen dende perspectivas actuais. Pezas como Tribute To The Duke ou Atlantic Bridge evidencian esa capacidade de diálogo entre épocas, xeracións e estilos, mantendo o jazz como linguaxe de encontro.
- A orquestra como protagonista colectiva — A Big Band simboliza o espírito de Sinerxias Artísticas: cooperación, diálogo e aprendizaxe compartida. Cada instrumento é unha voz dentro dun todo que só cobra sentido na suma. Esta comunidade sonora esténdese ao traballo interdisciplinar entre centros: música, imaxe, palabra, corpo e técnica únense para crear unha linguaxe común.



V. PROPOSTAS DE GUIÓN NARRATIVO
(ESTRUTURA DRAMÁTICA E VISUAL)

I. PRÓLOGO: O NACEMENTO DO SWING (1920–1930)

Proxección: imaxes en branco e negro de Nova York e Chicago.

Voz:

- Nas rúas de Harlem, entre o fume das fábricas e o ruído dos tranvías, nace un son novo: o swing.
- A prosperidade dos Roaring Twenties alimenta os clubs nocturnos e o soño da liberdade.
- Mais o crack do 29 deixa unha ferida fonda, e o jazz convértese en esperanza, nunha linguaxe que fala de superación e comunidade.
- É o tempo de Fletcher Henderson, Louis Armstrong e o Cotton Club, onde a improvisación se transforma en arte universal.
- Así comeza un século de ritmo e emoción que cambiará o mundo.

(Tema: Tribute to the Duke – a modo de preludio histórico e apertura estilística.)



2. A ERA DOURADA – O RITMO COMO REFUXIO (1930–1950)

Proxección: o brillo das Big Bands, clubs cheos, e sombras de guerra no horizonte.

Voz:

- O mundo énchese de incerteza: a Segunda Guerra Mundial marca unha xeración, mais o swing non cala.
- Nas emisoras, aquela enerxía rítmica anima á sociedade; mentres as tropas bailan e América busca reconforto, a música dá forma a unha identidade compartida.
- O cine, os salóns de baile e a radio manteñen vivo o soño dun futuro mellor.
- O jazz convértese en refuxio, comunidade e resistencia.

(Temas: Sing Sing Sing – enerxía colectiva (bailable) / Come By Me – New Orleans Swing / In The Mood – como bis evocador da época.)

(Vestuario CIFP Paseo das Pontes: estética anos 30–40, brillo e movemento.)



3. VOCES DA ALMA – AMOR, PERDA E ESPERANZA (1950–1970)

Proxección: retratos de Holiday, Fitzgerald, Simone, Vaughan; marchas pola liberdade e novas cores culturais.

Voz:

- Chega o tempo da loita polos dereitos civís.
- A voz do jazz vólvese íntima, comprometida e espiritual. Nina Simone ergue a súa voz contra a inxustiza; Sarah Vaughan transforma a dor en beleza pura.
- As letras mostran o pulso dun mundo que muda: a chegada do soul, o medo á Guerra Fría, a forza da muller e da palabra.
- A música acompaña a transformación dunha sociedade que aprende a escoitar.

(Temas vocais: *Alright, Okay, You Win / Killing Me Softly With His Song / Mercy, Mercy, Mercy.*)

(Maquillaxe e perruquería CIEP Somo: realce expresivo para solistas vocais.)

(A nivel instrumental, a esencia complétase co carácter bailable da *Porgy & Bess Suite.*)



4. RENOVACIÓN – O LEGADO CONTINUÚA (1970–ACTUALIDADE)

Proxección: luces de club moderno, cor e público contemporáneo.

Voz:

- O tempo avanza e o jazz renóvase.
- A era da televisión, dos grandes escenarios e da fusión redefine a escena musical: da elegancia de Sinatra ao swing contemporáneo de Harry Connick Jr., pasando polo groove de Thad Jones.
- Hoxe, o diálogo entre tradición e modernidade abre novos camiños: o jazz mestúrase con soul, latin, funk e mesmo co folclore galego.

Na pantalla, todos os centros: o ensaio, o backstage, o esforzo conxunto.

- O swing non morre, só cambia de compás.

(Temas: Groove Merchant / Tributo a Tito Puente (Cubop bailable) / Atlantic Bridge – muiñeira jazz / Come By Me como ponte escénica contemporánea.)



5. EPÍLOGO – A COMUNIDADE SONORA

Voz (todos os actores):

Cen anos de historia.

Cen anos de ritmo e emoción.

Cen anos de voces que aínda nos falan.

Porque, ao final,

xa o dicía Ellington:

it don't mean a thing if it ain't got that swing.

(Tema final: It Don't Mean a Thing – Reprise, como celebración conxunta de todos os centros.)





VI. TEMAS PARA INCORPORACIÓN COREOGRÁFICA (ESAD)

A participación do alumnado de danza da ESAD podería enriquecer o proxecto mediante intervencións coreográficas en determinados temas, escollidos tanto pola súa enerxía rítmica como pola súa capacidade narrativa e escénica. Estes movementos poden funcionar como ponte entre bloques musicais ou como extensión visual do propio swing.

Propostas de temas con potencial coreográfico:

- **The Stampede** – Fletcher Henderson / arr. Don Redman: representa o comezo do swing e o movemento industrial e urbano dos anos 20. A danza pode evocar o bulir das cidades, a improvisación e a liberdade rítmica.
- **Alright, Okay, You Win** – Sid Wyche / arr. Sammy Nestico: tema lúdico e cómplice, perfecto para unha coreografía de estilo jazz dance con interacción escénica entre intérpretes, xogando coa coquetería e o humor.
- **Sing Sing Sing** – Louis Prima / arr. Benny Goodman: peza icónica do swing, ideal para unha coreografía grupal de gran intensidade e dinamismo. Podería representar o espírito festivo e o apoxeo das big bands nos salóns de baile.
- **It Don't Mean a Thing (If It Ain't Got That Swing)** – Duke Ellington / arr. Matt Harris: o himno do swing, perfecto para o clímax ou peche do concerto. A coreografía pode construírse arredor da idea de comunidade e celebración, integrando movemento, voz e xesto teatral.
- **Come By Me** – Harry Connick Jr.: fusión de swing clásico e estilo contemporáneo; podería empregar unha danza máis moderna, con estética de club actual, simbolizando o diálogo entre tradición e modernidade.
- **In The Mood** – Glenn Miller: un dos temas máis recoñecibles do repertorio. A coreografía podería inspirarse na estética dos anos 40, combinando humor, frescura e sincronía co espírito da época.

Estas intervencións coreográficas servirían como fío visual e expresivo, reforzando a idea de “comunidade sonora” e convertendo o escenario nun espazo onde música, corpo e emoción se funden nun mesmo swing.



VII. REFLEXIÓN E PERSPECTIVAS: UN MARCO NATURAL PARA
O DESENVOLVEMENTO FUTURO DA FORMACIÓN EN JAZZ E
MÚSICA MODERNA

A evolución artística e pedagóxica do CSM da Coruña, reflectida neste proxecto a través dun repertorio que integra con fluidez jazz tradicional, fusión contemporánea, latin jazz e linguaxes próximas ao pop e ao R&B —como Groove Merchant, Mercy, Mercy, Mercy, Killing Me Softly, Come By Me, Tribute to the Duke, Tributo a Tito Puente ou o bailable Atlantic Bridge— evidencia que a convivencia entre jazz e música moderna non é unha aspiración futura, senón unha realidade xa presente na práctica docente e artística do centro.

a) Continuidade coa formación profesional

As especialidades de Guitarra Eléctrica e Baixo Eléctrico nos conservatorios profesionais galegos traballan desde hai anos técnicas, repertorio e prácticas estilísticas onde jazz e música moderna comparten base harmónica, expresiva e metodolóxica. Isto facilita un tránsito natural cara ás ensinanzas superiores que recoñezan e vertebran esta dobre orientación, especialmente cando o alumnado chega xa con competencias sólidas en improvisación, repertorio contemporáneo e traballo en agrupacións afíns ao modelo que aquí se propón.

b) O modelo de referencia: ESMUC

A Escola Superior de Música de Cataluña presenta unha especialidade de Interpretación: Jazz e Música Moderna estruturada nun tronco común inicial e itinerarios diferenciados posteriores, un modelo plenamente consolidado que formou artistas de proxección internacional como Rosalía, Sílvia Pérez Cruz, Andrea Motis ou o pianista de jazz Marco Mezquida. Esta formulación aposta pola improvisación, a creatividade, a estética persoal e a adaptación ao mercado profesional contemporáneo como eixes vertebradores, nun enfoque que coincide de maneira natural co traballo que o CSM A Coruña xa está a desenvolver.

c) Un claustro preparado para esta evolución

O departamento de Jazz conta con profesorado que integra repertorio, técnicas e recursos propios da música moderna, exemplificado neste proxecto escénico a través de versións como *It Don't Mean a Thing* en estilo Latin-Jazz, *Come By Me* como *New Orleans Swing-Shuffle* ou *Tributo a Tito Puente* en clave cubop. O xefe do departamento, catedrático en *Guitarra Eléctrica*, representa unha especialidade transversal ás músicas actuais e con capacidade natural de liderar esta converxencia estilística sen necesidade de modificacións estruturais profundas.

d) Unha oportunidade estratéxica para Galicia

A articulación de dous itinerarios (*Jazz e Música Moderna*) sustentados nun tronco común permitiría recoñecer institucionalmente unha realidade xa consolidada dentro do centro. Esta evolución reforzaría a oferta educativa galega, respondería á demanda profesional actual e situaría ao CSM da Coruña nunha posición de referencia no panorama estatal.

Cómpre salientar que, a día de hoxe, só existen propostas semellantes en centros como a *ESMUC e Taller de Músics* en Cataluña, *Música Creativa* en Madrid ou *ESMAR* en Valencia, sendo inexistente esta opción noutras comunidades autónomas. A implantación deste modelo en Galicia situaría o noso conservatorio como centro pioneiro no sistema público estatal, ampliando a igualdade de oportunidades e posicionando á comunidade como referente na formación musical contemporánea.

En síntese, o CSM da Coruña atópase nun punto estratéxico para liderar unha evolución académica necesaria, viable e plenamente coherente coa súa práctica actual. A creación deste itinerario non suporía unha transformación profunda, senón a posta en valor dunha realidade xa existente, situando Galicia á vangarda das ensinanzas musicais superiores e respondendo á realidade artística e profesional do século XXI.



“It Don’t Mean a Thing if It Ain’t Got That Swing”

Que este proxecto siga sendo un espazo común no que aprender uns dos outros, compartir talento e facer da colaboración unha forma de arte.

SINERXIAS EDUCATIVAS

IV